

Memoria Xustificativa do convenio de colaboración entre a secretaría xeral da emigración da Xunta de Galicia e a diocese de Lugo para contribuír ao financiamento durante o ano 2024 dos gastos derivados da consulta e expedición de certificados acreditativos da ascendencia galega ao colectivo de persoas emigrantes galegas e a súa descendencia, así como de informatizar e indexar os datos rexistrados das persoas físicas contidos nos libros sacramentais dos fondos parroquiais concentrados no Arquivo Diocesano Central Parroquial de Lugo.

O artigo 27 do Decreto 108/2022, do 16 de xuño, de estrutura orgánica dos órganos superiores e de dirección dependentes da Presidencia da Xunta de Galicia, a Secretaría Xeral da Emigración é o órgano superior da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia ao que lle corresponden as competencias en materia de desenvolvemento da Lei 7/2013, do 13 de xuño, da galeguidade, as relacións coas comunidades galegas no exterior, as políticas de emigración e retorno en Galicia e a representación e participación nos órganos e foros relacionados con elas que lle encomende a persoa titular da Presidencia da Xunta.

A Secretaría Xeral da Emigración ten entre as súas competencias a de procurar que a colectividade de emigrantes galegos e galegas e a súa descendencia manteñan e reforcen os seus vínculos con Galicia. Para isto, entre outras actuacións, vén prestando apoio a todas aquelas persoas que buscan familiares ou documentación que identifique a súa orixe, servindo de intermediaria entre elas e as fontes onde se gardan os arquivos xenealóxicos.

Con motivo da publicación, primeiro da chamada “Lei da memoria histórica” (Lei 52/2007, do 26 de decembro) e máis recentemente da Lei 20/2022, do 19 de outubro, de memoria democrática, aumentou sustancialmente o número de persoas descendentes de emigrantes na procura da documentación que lles posibilitase acadar a nacionalidade española.

O Arquivo Diocesano Central Parroquial de Lugo ven realizando nos últimos anos accións de inventariado e depósito dos arquivos parroquiais dispersos por toda a xeografía da Diocese. Estes arquivos constitúen unha fonte esencial para estudos e investigacións de tipo xenealóxico, demográfico ou social e de gran importancia para o mundo da emigración, pois constitúen unha ferramenta clave que axuda a moitas persoas descendentes da emigración galega a demostrar a súa ascendencia. Esta información é utilizada polos usuarios e usuarias da Oficina de Atención ao Emigrante que depende da diocese de Lugo.

Entre os fondos parroquiais atópanse os “libros sacramentais”. Os párrocos anotaban nestes libros, que teñen o seu comezo no século XVI, a celebración dos diversos sacramentos administrados nas parroquias, como bautismos e matrimonios, así como



as defuncións, facendo constar neles, ademais dos datos da persoa, o nome, data e lugar de nacemento, o nome e a orixe do pai e da nai; do avó e da avoa, así como o nome e enderezo do padriño e da madriña. Estes libros constitúen unha fonte de información xenealóxica, demográfica e social dun valor incalculable.

Para poder facilitar o acceso a este patrimonio documental faise precisa a súa indexación e difusión pola Internet con respecto, en todo caso, á normativa de protección de datos, lexislación histórica documental e eclesiástica.

Este convenio ten por obxecto establecer o marco da colaboración entre a Secretaría Xeral da Emigración e a diocese de Lugo para contribuír ao financiamento dos gastos derivados da consulta e expedición de certificados acreditativos da ascendencia galega ao colectivo de persoas emigrantes galegas e a súa descendencia co fin de poder acceder á nacionalidade española, así como de informatizar e indexar os datos rexistrados das persoas físicas contidos nos libros sacramentais dos fondos parroquiais concentrados no Arquivo Diocesano Central Parroquial de Lugo.

Dadas as características das actuacións que se van desenvolver e a natureza da entidade, esta secretaría xeral, tendo en conta o disposto no artigo 19.4 c) da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, considera o Arquivo Diocesano Central Parroquial de Lugo como idóneo para desenvolver as actuacións obxecto deste convenio, non sendo posible promover a concorrência pública, pois estes fondos atópanse unicamente nos libros sacramentais das dioceses e subscríbense convenios coas seis dioceses que abranguen toda a distribución territorial de carácter relixioso da Comunidade Autónoma de Galicia.

A Secretaría Xeral da Emigración alcanzará para financiar os gastos derivados do desenvolvemento das accións recollidas neste convenio unha contía de 5.000,00 €, con cargo á aplicación orzamentaria 04.30.312C.481.0 (código de proxecto 2015 00039), dos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2024.

Os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a sinatura dun contrato dos contemplados na Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, ou doutro instrumento alieo á natureza estritamente convencional.

Santiago de Compostela, na data da sinatura electrónica

O secretario xeral da Emigración

Antonio Rodríguez Miranda

